

2º BAC CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo do curso realizarase:

- **Unha proba escrita por trimestre (80%):** Todo o alumnado ten dereito a facer e entregar esta proba.
- **Proxecto individual trimestral (10%).**
- **Proba oral (5%):** De expresión e/ou comprensión que pode consistir en algo similar ao feito na clase durante o trimestre.
- **Caderno do alumnado e fichas de exercicios (5%) .**

Considérase superada a avaliación que acade unha puntuación de mínimo 5/10, é dicir, o alumnado terá que acadar o 50% da suma destas porcentaxes.

> **Redondeo da nota:** se o decimal está entre 0 e 49, a nota será o mesmo número enteiro que sen decimais e se está entre 50 e 99 a nota será o número enteiro inmediatamente superior. Excepción: as notas inferiores a 5/10 sempre é suspenso.

> O alumnado que non pode asistir a unha proba por causa xustificada terá dereito a facelo outro día (o mesmo día da volta a clase), previa presentación do xustificante.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Non hai probas de recuperación tras a 1º e 2ª avaliacións, porque, como é avaliación sumativa, as probas posteriores xa inclúen contidos das anteriores a modo de recuperación e repaso (suspender antes e aprobar despois no tempo, significa recuperar todo o anterior).

- O alumnado que aproba a 3ª avaliación acada unha cualificación positiva no curso. Neste caso, a nota do boletín da 3ª avaliación e da avaliación ordinaria será a mesma: ou ben a nota obtida na 3ª avaliación, ou ben a nota media das tres avaliacións no caso de ser máis alta (a nota media será obtida coas notas xa redondeadas, sen decimais).

- No caso de obter na 3ª avaliación unha nota inferior a 5/10, o alumnado tamén poderá acadar unha cualificación positiva do curso se a nota media das tres avaliacións é igual ou superior a 5/10 (a nota media será obtida coas notas xa redondeadas, sen decimais). Neste caso, esta nota media será a mesma no boletín da 3ª avaliación e da avaliación ordinaria.

- O alumnado que non acade resultado positivo na 3ª avaliación (a nota é inferior a 5/10), deberá presentarse á proba extraordinaria (100% da nota nun único exame escrito sobre 10 puntos que incluírá os contidos mínimos do curso e/ou os exercicios das seis probas escritas feitas durante o curso). Nestes casos, a nota da avaliación extraordinaria será superior ou igual

(pero non inferior) á da 3ª avaliación. O profesorado informará ao alumnado a principio de curso e logo dos resultados da terceira avaliación. O profesorado comunicará os resultados da terceira avaliación co tempo suficiente que considere para que o alumnado que non acada o aprobado teña tempo de preparar a proba extraordinaria con actividades de repaso.

O alumnado que na avaliación extraordinaria non acade cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia de *francés I segunda lingua* pendente.